



# MEMORIA

- **EVENTO:**

IX Ruta BTT Callos Meis – 2024 (proba ciclista de carácter non competitivo)

- **ENTIDADE ORGANIZADORA:**

Concello de Meis, CIF P3602080I. Enderezo: Avda. de Cambados nº67 - (O Mosteiro), 36637 – Meis (Pontevedra).

- **ENTIDADES COLABORADORAS:**

- ✓ Protección Civil do Concello
- ✓ Club de Ciclismo e Montañismo Armenteira e Punto.

- **LUGAR, DATA E HORARIO DO EVENTO:**

- ✓ Domingo, día **14 de Xullo de 2024**, con saída e chegada na Praza de España (O Mosteiro). O percorrido na súa meirande discorrerá polo Monte Castrove, así como por diferentes zonas de monte de titularidade veciñal (Comunidades de Montes dos Concellos de Meis e Poio).
- ✓ Saída: 09.00h.
- ✓ Hora tope de finalización: 14.00h.

- **EVENTO ORGANIZADO:**

Realización dun evento deportivo de xeito non competitivo e popular, vinculado á programación da Festa dos Callos de Meis, como unha alternativa máis de ocio coa que se pretende fomentar a práctica do deporte de bicicleta de montaña.





- **DATA DE REALIZACIÓN:**

A **IX Ruta BTT Callos Meis**, levarase a cabo o domingo día **14 de xullo de 2024**, cunha duración máxima para realizar o percorrido de 5hrs., tendo como hora límite de finalización as 14:00hrs.

Dito evento constará de dúas opcións de percorrido: a **longa**, de 40kms. e a **curta** de 30 kms., tendo como hora de saída as 09.00hrs. e como hora límite de finalización, as 14.00hrs.

- **CONCELLOS IMPLICADOS NA RUTA:**

Meis e Poio.

- **COMUNIDADES DE MONTES IMPLICADAS:**

CMVMC de: San Vicente de Nogueira, San Salvador de Meis, Arosa-Bandeira e Talide (San Martiño de Meis), Chan da Fonte (A Armenteira), Silván (A Armenteira), San Tomé de Nogueira e San Xoan de Poio.

- **ESTRADAS DE PASO:**

EP-9401, EP-9402, EP-9403, EP-9406, EP-9507, EP-9214.

- **REGULAMENTO DA CARREIRA:**

1) A inscrición realizarase exclusivamente a través da seguinte páxina web: [www.magmasports.es](http://www.magmasports.es) , tendo como data límite o **día 11 de xullo (ás 23h.59m.)**, o ata cubrir o cupo de **500 participantes** (máximo establecido), debendo aportar os seguintes datos: nome e apelidos, sexo, concello, data de nacemento, DNI e teléfono.

2) Facilitaráselle a cada participante o seu dorsal que deberán colocar na bicicleta.

3) O dorsal recollerase o día da proba na zona de saída/ meta (Praza de España), **entre as 08.00 e as 9.00h da mañá (cumprimento estrito do horario)**.

4) Ao longo do percorrido a Organización establecerá os controis necesarios





que estime oportunos para a seguridade da proba. Estes controis poderán ser fixos ou móbiles e estarán autorizados para descualificar aos participantes que cometan irregularidades ou atenten contra a seguridade individual (tanto propia como allea) ou colectiva durante a proba.

5) Os nenos, a partir dos 12 anos de idade, poderán ser acompañados polos pais, nais ou titores e deberán cumprimentar unha autorización.

6) A proba é de carácter non competitivo, xa que é un evento pensado para fomentar a actividade deportiva, enmarcado dentro do programa das festas locais.

7) A proba, para todos os participantes, terá como hora de saída as 09.00h e un máximo de tempo de realización da mesma de **5hrs**, tendo como lugar de saída e chegada a Praza de España.

8) A organización faise responsable dos danos físicos que poidan sufrir os participantes durante a proba, se ben en todo momento estará disposto un servizo sanitario, por se fose preciso.

9) Dado o carácter eminentemente popular e festivo desta proba, a Organización agarda de todos os participantes o mellor espírito deportivo.

10) O descoñecemento deste regulamento non exime do seu cumprimento.

11) A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquiridos os compromisos de estar en bo estado físico e pasados os pertinentes recoñecementos de saúde. Ademais de haber feito o pago da inscrición, os participantes autorizan á organización para a utilización da imaxe en publicacións, carteis, etc. para a promoción do deporte da bicicleta de montaña.

12) Conforme á L.O. 15/1999, informámoslles de que os seus datos persoais pasarán a formar parte dun ficheiro, do que é responsable o Concello de Meis. A finalidade do ficheiro é levar a cabo a xestión de datos para a BTT, así como informarlle de futuras edicións. Se desexa exercitar os dereitos de acceso, rectificacións, cancelación e oposición, poderá facelo dirixíndose por escrito á entidade sinalada anteriormente, xuntando unha fotocopia do seu DNI.

- **ITINERARIO**





O itinerario da proba da BTT será o seguinte:

- ✓ 8.00 a 8.45h: recollida de dorsais.
- ✓ 09.00: saída da proba.
- ✓ 14.00: hora máxima para a finalización da proba.

Estes itinerarios, se houber algunha modificación derivada de cambios nas condicións meteorolóxicas ou doutra índole, comunicaranse coa debida antelación.



- **PARTICIPANTES:**

Nesta IX Edición da proba, o número máximo de participantes será de **500**.

- **AVITUALLAMENTOS:**

Ao longo da proba, tanto na btt de distancia longa como na curta, estableceranse uns puntos de avituallamento, nos cales, se lles proporcionará aos participantes tanto compoñentes sólidos como líquidos.


- **MEDIDAS DE SINALIZACIÓN:**

Contaremos cun equipo de entre 10 e 15 persoas (identificadas con chalecos amarelos reflectantes) que, xunto con Protección Civil do Concello, encargaranse da seguridade da proba e dos participantes, e sobre todo, vixiarán os lugares conflictivos ou perigosos, como os cruces e as rotondas.


A sinalización das dúas rutas levarase a cabo mediante GPS. A maiores, utilizaremos sinalización propia en puntos clave das rutas, coa finalidade de garantir a seguridade de cada un dos participantes.

A continuación se especifica que tipo de sinalización se vai a utilizar para cada unha das probas:

**RUTA BTT LONGA**



**RUTA BTT CURTA**



Estrada aberta ao tráfico



Fonte



Trialera





- **PLAN DE SEGURIDADE:**

- **Sinalización dos circuítos:**

Tal e como indicábamnos anteriormente, haberá sinalizacións en puntos clave do circuítos, segundo as necesidades de cada situación e segundo sexa a ruta longa ou a curta.

Os cambios de dirección estarán sinalizados cunha antelación mínima de 100 m.

Nos cruces haberá persoal de protección civil e da organización, que velarán pola seguridade dos participantes, impedindo o acceso ao circuítos de vehículos alleos á proba.

- **Vehículos da proba:**

Nesta edición non haberá ningún tipo de vehículo a motor, senón que contaremos con persoas-guía que se desprazarán en bicicleta por todo o circuítos, con funcións de vixilancia do cumprimento das normas, aportando seguridade e control da proba.

- **Servizos sanitarios**

No que atinxe aos servizos sanitarios, contaremos con **dúas ambulancias** (unha na Praza de España e outra na parroquia de Armenteira), e **un médico**, de conformidade co establecido no Real Decreto 1428/2003, polo que se regulan este tipo de probas.

### **Póliza de Seguro**

Procedeuse á contratación da póliza de seguro de accidentes nº31370402, mediada pola Correduría de Seguros COOPER & IDEM SPORT S.L.U., cunha cobertura para 500 participantes, e adecuada aos requisitos legais para unha proba deportiva desta índole.





- **Rutómetro e Track BTT Callos Meis – 2024**

Este rutómetro está elaborado a partir dun track orientativo feito a unha velocidade de 14 Km/h. Os tempos postos nos cruces poden non ser exactos xa que o día da proba participa xente de diferentes niveis.

Mosteiro-Meis 14/07/2024				
Rutómetro estimado BTT Dos Callos 2024				
Puntos	Localidade	Descrición	KM	Hora
P1	EP-9402	Praza de España-Subida Iglesia S.Vicente	1 a 2	9:00-9:05
P2	EP-9402	Bexán (carretera que vai cara Aldea de arriba)	5	9:10
P3		Rodeamos os viñedos de Martin Códax	7	9:20
P4	EP-9402	Cruce antes do puente da autovía en San Salvador de Meis ata Cultural.	8	9:35
P6	VG-4.1	Adegas Terras de Asorei-Rotonda Galp	9	9:40
P7	EP-9402	Médico de San Martiño	10	9:45
P8		Carretera dende A Bouza a Caxín	11	9:50
P9	EP-9406	Carretera Silván-A Armenteira	13	10:10-10:25
P10	EP-9406	A Armenteira (1º Avituallamento)	16	10:45
P11	EP-9507	Media-luna entrada ao Monasterio	16	11:30
P12	EP-9507	Arcén(100m)	17	11:35
P13	EP-9507	Cruce entrada ao Río do Con	19	11:40
P14	EP-9214	Carretera O Busto-Samieira	23	12:10
P15	CF-102	Rotonda Campo de Golf	30	12:50
P16	CF-102	Antenas Cadena Ser	31	12:50
P17	EP-9403	Baixada de Portapisón á carretera.	38	13:15
P18	EP-9401	Rotonda puente de autovía (AG-41)	39	13:30
P19	EP-9401	Saída autovía (AG-41) a Rúa Igrexa	39	13:35





